




Acreditación de Scotland Yard a Plácido Castro como correspondente de prensa

Os retratos de Plácido Castro

NACEU EN GALICIA PERO EDUCOUSE NA GRANDE BRETAÑA. FOI O CONTACTO DO GALEGUISMO CO EXTERIOR E UN BRILLANTE TRADUCTOR DE OMAR KHAYYAM. SUFRIU A MAZADA ESMAGADORA DA GUERRA CIVIL E DO EXILIO. AGORA CUMPRE O CENTENARIO DO SEU NACEMENTO E rdL LEMBRA A SÚA APAIXONANTE BIOGRAFÍA

é

posible achegarse á figura de Plácido Castro a través dalgúns retratos da súa personalidade que cómpre evocar agora que celebramos o seu Centenario. En primeiro lugar, hai un Plácido no seu tempo e outro fóra del. O primeiro é o da vocación política, do compromiso partidario e intelectual co galeguismo e con Galicia, da devoción pola cultura, o xornalismo e o debate de ideas. Ese Plácido era o secretario de relacións internacionais do Partido Galeguista que chegou a participar no Congreso de Nacionalidades Europeas de 1933 onde Galicia se consagrou como unha nacionalidade recoñecida internacionalmente; era o directivo das Irmandades da Fala de Coruña, ou da Asociación de Escritores en Lingua Galega; era o Plácido que enviaba as súas "Crónicas desde Londres" a *El Pueblo Gallego* ou a *Informaciones*, que tanto escribía en *La Nación* de Buenos Aires como en

"A Nosa Terra". Despois da guerra civil, do seu xulgamento e condena, fóra do seu tempo e das súas paixóns, xorde un Plácido desorientado e frustrado, "estrañado no seu propio país" co que escasamente puido reconciliarse nos últimos anos da súa vida.

Hai outro Plácido dotado de habilidades múltiples e coñecementos máis propios dun humanista do Renacemento, unha ilustración gañada a pulso na súa etapa formativa en Glasgow con boa parte da elite británica do momento, e que lle permitía algo máis que defenderse en coñecementos musicais, na pintura, na astronomía e, por suposto, na sensibilidade poética que lle permitiu traducir ao galego numerosas obras de grandes autores de inspiración céltica e británica. O contraste ofreceo un Plácido sempre inadaptado que pese aos esforzos da súa dona, Jesusa Sineiro, atóabase con mil e unha dificultades para defenderse na vida ordinaria e acostumarse, el que procedía dunha familia moi acomodada de Corcubión, ás privacións da posguerra, tanto aquí como en Londres, cunha numerosa prole (tivo oito fillos).

E sobre todo hai un Plácido eternamente preocupado pola salvagarda da identidade de Galicia, do reencontro de Galicia consigo mesma en todos os dominios (da lingua á paisaxe pasando polo turismo e toda concreción cultural), manifestacións que deben ser enalzadas e dignificadas para construír a partir delas un futuro no que debiamos exercer de galegos en Galicia e no mundo. El, que tantos anos vivira no Reino Unido, antes e despois da guerra, participando nas emisións da BBC en lingua galega, castelán e inglesa; quen chegou a colaborar durante varios anos co *Jornal de Noticias* de Porto, comprendía mellor ca ninguén o significado desa proxección universalista que el unía á admiración do progreso, dun progreso sempre con identidade, que sintetizaba toda unha vida de compromiso con Galicia.

E con independencia da época e das súas vicisitudes anímicas, hai sempre unha foto fixa, a do Plácido do diálogo, da tolerancia, do librepensamento, da curiosidade, da fe e conviccións democráticas profundas, do gusto polo traballo ben feito e con rigor, daquel individuo culto e amador da cultura que preferiu falar con voz baixa ou simplemente calar, a baixar a cerviz ante a tiranía da ignorancia e mediocridade franquistas. Tamén por iso o seu retrato ben merece acompañar ao dos mellores homes e mulleres desta Terra.